

## ORDE 23/04/2010 PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT)

Instrumento para a dinamización da vocación emprendedora e para aproveitar o potencial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con titulación universitaria como xestores dos seus proxectos empresariais innovadores.

### **BENEFICIARIAS**

Poderán ser beneficiarias desta axuda as empresas privadas, incluíndo as autónomas e os autónomos, que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde a que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT.

### **REQUISITOS**

- Estar inscrito no correspondente rexistro mercantil e dado de alta no imposto de actividades económicas.
- A empresa deberá ter un mínimo dun 25 % de persoal con titulación universitaria e deberá existir correspondencia entre a titulación académica e a categoría profesional pola que se contrata.
- Os proxectos das empresas beneficiarias deberán estar cualificados como IEBT segundo os artigos 3 e 12 do Decreto 56/2007 do 15 de marzo.

### **TIPOS DE AXUDAS**

1. **Axuda a creación directa de emprego estable:** A creación de postos de traballo de carácter indefinido e que sexan ocupados por persoas inscritas como demandantes de emprego, incentivarase con:
  - a) 4.000 € se son homes desempregados.
  - b) 5.000 € se son mulleres desempregadas.
  - c) 5.000 € se son mozos desempregados.
  - d) 5.600 € se son mozas desempregadas.
  - e) 6.000 € se son titulados universitarios desempregados.
  - f) 6.600 € se son tituladas universitarias desempregadas.
  - g) 7.000 € se son persoas desempregadas que posúan o título de doutor ou doutora.

**Prazo:** 30 de xuño de 2010.

#### **A ter en conta:**

- No suposto de que a xornada sexa a tempo parcial, a contía da subvención será proporcional o tempo traballado.
- Cando se contraten traballadores por conta allea, esta axuda é compatible coa bonificación a Seguridade Social, sen que ambas axudas poidan superar o 60%.
- Non se concederá esta axuda aos traballadores/as que prestasen servizos na mesma empresa cun contrato temporal.
- Só se terán en conta as contratacións realizadas entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010.

2. **Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación:** A subvención será equivalente ao 40% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social, cun máximo de 12 mensualidades.

Quedan excluídos os contratos realizados coas persoas titulares ou socias da empresa, co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, salvo cando sexa un autónomo que contrate aos fillos/as menores de trinta anos ou autónomo sen asalariados que contrate un só familiar menor de corenta e cinco anos que non estea ao seu cargo.

**Prazo:** 15 de setembro de 2010.

#### **A ter en conta:**

- O experto técnico de alta cualificación contratado deberá estar en posesión dun título universitario.
- O límite máximo da subvención será 18.000 €.
- Esta axuda é compatible coa bonificación a Seguridade Social, sen que ambas axudas poidan superar o 60%.
- Só se terán en conta as contratacións realizadas entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010.

3. **Apoio a función xerencial:** Axuda por titoría, por formación e realización externa de estudos e informes sobre a actividade, que a persoa promotora poida recibir para mellorar a toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa.
- a) A subvención poderase solicitar unha soa vez, e será ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite de 12.000€.

**O prazo:** A solicitude deberá presentarse no décimo segundo mes contado desde o inicio da actividade respectando o prazo xeral do 30 de xuño de 2010.

**A ter en conta :**

- O gasto orixinado deberá producirse no primeiro ano de actividade, xustificable mediante facturas e documentos bancarios.

4. **Subvención financeira** para promover a creación de postos de traballo mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como IEBT.
- a) A subvención, pagadoira dunha soa vez, será o equivalente á redución de ata catro puntos tipo de xuro, fixo ou variable, fixado pola entidade financeira calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes.
- b) A contía máxima desta axuda non poderá ser superior a 6.300€

**Prazo:** a solicitude deberá presentarse antes do 30 de xuño de 2010.

**A ter en conta:**

- Como mínimo o 75% do importe do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible e poderase destinar ata un 25 % para financiar activo circulante.
- Para o cálculo da contía teranse en conta os investimentos en inmovilizado material ou intanxible realizados entre a data de inicio da actividade e o 31 de outubro de 2010.
- Non se admiten a adquisición de bens usados agás no suposto de traspaso de negocios.

5. **Subvención para o inicio da actividade:** Serán subvencionables os gastos realizados no primeiro ano de actividade :
- Gastos de constitución
  - Gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos
  - Arrendamento do local
  - Arrendamento de equipos informáticos e maquinaria
  - Publicidade
  - Subministracións

A contía da subvención dependerá dos postos de traballo estables creados durante o primeiro ano de actividade:

- a) De 1 a 2 postos de traballo : 24.000 €  
b) De 3 a 10 postos de traballo: 36.000 €  
c) De 11 a 20 postos de traballo: 48.000 €  
d) 21 ou máis: 60.000 €

**Prazo:** a solicitude deberá presentarse transcorrido un ano desde o inicio da actividade, e en todo caso antes do 30 de xuño de 2010.

**A ter en conta:**

- O importe desta axuda non poderá superar a contía de 12.000 € por posto de traballo creado.
- So se terá en conta os postos de traballo creados durante o primeiro ano de actividade.
- Unicamente poderán solicitar esta axuda as empresas que iniciaran a súa actividade a partir do 16 de setembro de 2008.

**MAIS INFORMACIÓN:**

Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) (**publicado no DOG nº 83 do 4 de maio de 2010**)